

Guía de procedimientos e servizos

MR616A - Axudas para reposición de infraestruturas e equipamentos privados danados e por danos nas explotacións agrícolas e gandeiras ocasionados polos incendios forestais.

Forma presentación

Tramitación en liña

Presencial

Datos solicitude

Prazo de presentación: 04/10/2016 - 03/11/2016.

Un mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Prazo de resolución: Dous meses

Sentido do silencio administrativo: Negativo

Documentación

- 1. Xunto coa solicitude de axuda, presentárase a seguinte documentación:
 - a) Nas liñas I e III, para todo tipo de titulares de terreos, excepto comunidades de montes veciñais en man común, documentación xustificativa da propiedade dos terreos por propiedade ou por contrato de arrendamento. Nas liñas II e IV, documentación xustificativa da propiedade da maquinaria e equipamento (permiso de circulación) e comprobarase a súa inscrición no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola, se é o caso.
 - b) Fotocopia do DNI da persoa física solicitante ou da persoa representante, só no caso de non autorizar expresamente a súa consulta. Cando se trate dun pro indiviso, de varas, de fabeo, de vocerío, de voces, abertais, cooperativa agrícola ou comunidade de bens deberase presentar o anexo II debidamente cuberto.
 - c) Se a persoa solicitante é unha persoa xurídica, copia do NIF, só no caso de non autorizar expresamente a súa consulta, e copia do DNI da persoa representante só no caso de non autorizar expresamente a súa consulta, así como acordo do órgano competente polo que se aprobou a solicitude desta axuda.
 - d) Cando se actúe en nome doutra persoa, física ou xurídica, deberase acreditar a representación con que se actúa.
 - e) Referencias Sixpac das parcelas afectadas polos incendios (anexo III).
 - f) Memoria xustificativa dos danos polos que se solicita axuda:
 - Liña I.
 - Pista forestal, captacións de auga, cerramentos, bebedoiros, comedoiros: informe do concello respecto da non titularidade municipal da pista forestal, e no caso de captación de augas, certificación expedida polo órgano competente ou entidade da titularidade da dita captación; plano de situación e delimitación do trazado ou da localización dos investimentos polos cales se solicita a

axuda; reportaxe fotográfica en que se comproben fidedignamente os danos nos investimentos; resumo do danos causados e tres orzamentos de diferentes provedores en que se desagreguen detallada e cuantificadamente as melloras necesarias para reparar eses danos. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis favorable. Quedarán excluídas as axudas ás captacións de auga instaladas de xeito superficial e sen sinalizar (sen respectar a lexislación vixente ao respecto), e queda vinculada á instalación a unha profundidade mínima de 70 cm e á instalación dos fitos precisos para sinalizala, así como á legalización do acto de disposición correspondente no caso de atravesar montes veciñais.

- Liña II.

- Maquinaria e equipamentos de uso forestal: informe oficial (Distrito Forestal, Oficina Agraria Comarcal, Garda Civil, Concello) no cal se indique que a maquinaria e os equipamentos foron danados como consecuencia dun incendio forestal; resumo dos danos causados e tres orzamentos de diferentes provedores nos cales se desagreguen detallada e cuantificadamente as melloras necesarias para reparar eses danos. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e debe xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis favorable.

- Liña III.

- Gastos da madeira amoreada queimada, e de corta, recollida e esteladura da madeira queimada non comercial: plano de situación e delimitación da superficie queimada; resumo do danos causados e tres orzamentos de diferentes provedores nos cales se desagreguen detallada e cuantificadamente os metros cúbicos de madeira amoreada afectada polo incendio, e a superficie de corta, recollida e esteladura da madeira queimada. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis favorable.

- Liña IV.

- Bens, maquinaria e equipamentos de explotacións agrícolas e gandeiras: informe oficial (Distrito Forestal, Oficina Agraria Comarcal, Garda Civil, Concello) no cal se indique que os bens, a maquinaria, os equipamentos ou os medios de produción foron danados como consecuencia dun incendio forestal; resumo do danos causados e tres orzamentos de diferentes provedores nos cales se desagreguen detallada e cuantificadamente as melloras necesarias para reparar eses danos. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e debe xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis favorable.

- Liña V.

- Danos sufridos na produción agrícola: informe oficial (Distrito Forestal, Oficina Agraria Comarcal, Garda Civil, Concello) no cal se indique que as producións foron danadas como consecuencia dun incendio forestal. Resumo dos danos causados e xustificación dos produtos obtidos e os prezos de venda das tres últimas campañas.

- Liña VI.

- Gando e colmeas mortas: detalle dos animais ou das colmeas afectadas, coa súa identificación e concreción dos lugares en que se atopaban no momento da morte, así como código de identificación da explotación rexistrada. Informe oficial (Distrito Forestal, Oficina Agraria Comarcal, Garda Civil, Concello) no cal se indique que o gando ou as colmeas morreron como consecuencia dun incendio forestal. Se é o caso, documento de recollida do cadáver por parte da empresa autorizada.

- Liña VII.

- Alimentación complementaria de gando ou colmeas: descrición detallada do número de animais ou colmeas afectados, así como da súa localización; informe oficial (Distrito Forestal, Oficina Agraria Comarcal, Garda Civil, Concello) no cal se indique que os terreos en que se atopaba o gando ou as colmeas estiveron afectados como consecuencia dun incendio forestal; xustificación da necesidade de proporcionar alimentación complementaria; cálculo desagregado do volume de alimento necesario, en función do número de animais ou colmeas, para un período de tres meses; tres

orxamentos de diferentes provedores no cal se desagreguen detallada e cuantificadamente as ofertas presentadas para proporcionar o alimento sinalado. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e debe xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis favorable.

- g) No caso de tractores ou máquinas automotrices, copia do seguro de circulación e informe da compañía de seguros respecto da indemnización resultante como consecuencia do incendio forestal.
- 2. Ademais, nas liñas I e III, na memoria xustificativa farase constar se a superficie en que figuran as actuacións se atopa dentro da Rede Natura 2000. Para garantir que as actuacións toman adecuadamente en consideración os obxectivos de conservación destes lugares, e de conformidade coas directivas 92/43/CEE e 2009/147/CE, solicitaráselle, de forma interna, informe á autoridade competente en conservación da natureza. E, neste sentido, a aprobación da axuda será condicionada ao contido do informe da autoridade competente nesa materia e os traballos non poderán comezar ata o seu pronunciamento e deberán ser levados a cabo nas condicións que determine. O prazo de execución dos traballos que se estableza na resolución terán en conta este aspecto.
- 3. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.es/chave365>).

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

As solicitudes dirixiranse ás xefaturas territoriais da Consellería do Medio Rural.

- A solicitude de axuda inclúe as seguintes declaracións da persoa solicitante:
 - a) Declaración da conta para a transferencia bancaria (anexo I).
 - b) Declaración do total das axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas (anexo I).
 - c) Declaración da titularidade do terreo en que se produciron os danos (anexo III).
- A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

- No prazo de presentación de solicitudes, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

A onde acudir

Se ten algunha dúbida técnica pode poñerse en contacto co servizo de atención cidadá no teléfono 012 ou enviando un correo a 012@xunta.gal

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS

SUBDIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA

SERVIZO DE PRODUCIÓNS GANDEIRAS E BENESTAR ANIMAL
EDIF. ADMINISTRATIVO SAN CAETANO
15771
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981546184 Fax: 981545735

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA

SERVIZO DE GANDARÍA
R/ VICENTE FERRER, 2
15071
A CORUÑA
Teléfono: 981184565 Fax: 981184653

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS
RONDA DA MURALLA, 70
27071
LUGO
Teléfono: 982889249 Fax: 982294808

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE

SERVIZO DE GANDARÍA
R/ FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS, 4-6
32071
OURENSE
Teléfono: 988386515 Fax: 988386524

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA**

SERVIZO DE GANDARÍA
R/FERNÁNDEZ LADREDA, 43,2º
36071
PONTEVEDRA
Teléfono: 886206571 Fax: 886206590

Obxecto

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras das axudas no réxime de minimis a favor das persoas afectadas polos danos causados polos incendios forestais que se produciron en 2016, coa finalidade de reparar eses danos, e proceder á súa convocatoria para o ano 2016.

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva por rateo ao abeiro segundo o establecido no artigo 19.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Conceptos subvencionables.

Serán subvencionables os seguintes conceptos:

a) Liña I: a reparación dos danos causados polos incendios en terreos forestais de titularidade privada nos seguintes investimentos:

Pistas forestais.

Captacións de augas (caseta en que figura a toma de auga, instalación de distribución).

Cerramentos (cancelas, colocación de postes, malla ou arame, pasos do gando).

Bebedoiros e comedeiros. No caso de que quedasen inutilizados, poderán ser substituídos por bebedoiros e comedeiros móbiles.

b) Liña II: os gastos de reparación dos danos causados na maquinaria e equipamento forestal ocasionados en tarefas de colaboración nos labores de extinción de incendios forestais ou ocasionados por estes. No caso de que quedasen inutilizados poderán ser substituídos por nova maquinaria (nova ou de segunda man).

c) Liña III: os gastos da madeira amoreada queimada, e de corta, recollida e asteladura da madeira queimada non comercial.

d) Liña IV: os gastos de reparación dos danos causados nos bens, maquinaria, equipamentos e medios de produción das explotacións agrícolas e gandeiras. No caso de que quedasen inutilizados, poderán ser substituídos por nova maquinaria (nova ou de segunda man).

e) Liña V: os danos sufridos na produción agrícola na campaña.

f) Liña VI: o valor dos animais mortos ou das colmeas destruídas como consecuencia dos incendios forestais nas zonas afectadas.

g) Liña VII: o valor da alimentación complementaria que hai que subministrar aos animais e colmeas superviventes nas zonas afectadas, para un período máximo de tres meses, calculado en función do número de animais ou colmeas.

Beneficiarios

As persoas físicas ou xurídicas propietarias ou arrendatarias de terreos forestais, así como os titulares de explotacións agrícolas e gandeiras, con exclusión dos organismos públicos. No caso de danos causados á maquinaria e ao equipamento nos labores de extinción, as persoas beneficiarias serán as persoas físicas ou xurídicas propietarias deles, con exclusión dos organismos públicos.

Requisitos

- Unha mesma persoa solicitante poderá solicitar as sete liñas de axuda e o expediente de axudas será único.
- As persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incursas en ningunha das circunstancias previstas no seu artigo 10.
- No caso das CMVMC, deberán estar legalmente constituídas e regulamentariamente inscritas no rexistro provincial de montes veciñais en man común, de acordo co disposto no artigo 57 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, con xunta reitora ou equivalente actualizada, e cumprir co disposto no artigo 125 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, no momento da solicitude da axuda.
- No caso das explotacións agrícolas e gandeiras, estas deberán estar rexistradas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga) e, se é o caso, no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras. Para o caso dos animais e colmeas, consideraranse unicamente, para efectos das axudas, os correctamente identificados e/ou declarados.

Normativa

AUTONÓMICA

Orde do 22 de setembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para reposición de infraestruturas e equipamentos privados danados e por danos nas explotacións agrícolas e gandeiras ocasionados polos incendios forestais, e se convocan para o ano 2016 (DOG nº 188 do 3 de outubro de 2016).

Acceda a este e a outros procedementos relacionados a través da guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia en <https://sede.xunta.es/guia-de-procedementos-e-servizos>